

TERMOS DE REFERENCIA DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DUNHA IMAXE GRÁFICA QUE ACOMPAÑE Á EXPOSICIÓN DOS 20 ANOS DE PROXECTO TERRA

OBXECTIVO

O presente documento ten por obxectivo delimitar as tarefas, responsabilidades e dereitos da asistencia técnica para a elaboración dunha imaxe gráfica que acompañe ás actividades do Proxecto Terra relacionadas coa exposición que se está a organizar co gallo dos 20 anos que este proxecto cumpre no presente ano 2020.

CONTEXTO

Desde o grupo de educación da demarcación de Galicia de Arquitectura Sen Fronteiras lévase a coordinación do Proxecto Terra, proxecto do Colexio de Arquitectos de Galicia (de agora en diante COAG) financiado pola Xunta de Galicia. Este proxecto didáctico iniciouse no ano 2000 por un grupo de docentes de educación secundaria pertencentes ao COAG, co aquel de achegar aos centros educativos de Galicia contidos relacionados coa identidade territorial, a arquitectura e o medio ambiente. Desde hai uns anos o proxecto incorpora, ademais, a visión de contribuir a crear unha cidadanía crítica, respectuosa co medio ambiente e que poña en valor a nosa herdanza cultural, arquitectónica e territorial, así como a defensa do dereito ao hábitat promovida por Arquitectura Sen Fronteiras.

Entre as actividades desenvolvidas polo Proxecto Terra nos últimos anos están a creación de contidos en materia de identidade territorial, arquitectura e medio ambiente, que se adapten ás esixencias curriculares actuais correspondentes ás distintas etapas de Educación dos 0 aos 18 anos, a formación do profesorado de secundaria na materia deses contidos, a organización e desenvolvemento de visitas guiadas de arquitectura e intercambios territoriais para alumnado de secundaria por diferentes lugares da xeografía galega e do norte de Portugal e a visibilización xeral do proxecto, participando en diferentes ámbitos de divulgación coma seminarios, congresos, encontros ou cursos de alcance internacional.

Seguindo esta liña de visibilización do proxecto e con motivo da celebración dos 20 anos desde a súa creación, estase a organizar unha exposición onde se poida mostrar o traballo feito neste tempo por toda a comunidade educativa, con especial protagonismo do alumnado, grazas aos contidos e actividades elaborados desde Proxecto Terra. Para que o alcance desta mostra sexa maior decídese convocar a presente asistencia técnica, pola cal unha entidade ou equipo de persoas elaborarán unha imaxe gráfica acorde á natureza do proxecto, á celebración do vixésimo aniversario e ao acompañamento desta exposición para o que estaría pensada.

CARACTERÍSTICAS DA IMAXE GRÁFICA A CREAR

Esta imaxe deberá estar composta por unha ilustración representativa do evento que vai acompañar. Poderá incluír texto segundo considere oportuno a persoa ou equipo creativo e deberá acollerse, entre outras posibles, ás seguintes liñas temáticas en coherencia coa idea xeral do Proxecto Terra ao que deberá representar:

- Paisaxe
- Territorio
- Urbanismo
- Arquitectura
- Educación
- Cultura galega
- Medio ambiente
- Dereito ao hábitat
- Actividades do Proxecto Terra

Estas liñas temáticas poderán verse representadas na súa totalidade ou en parte, puidendo tamén combinarse entre elas segundo a persoa ou o equipo creativo estime oportuno.

Para máis información pode visitarse a páxina web do Proxecto Terra aquí:

<http://proxectoterra.coag.es/>

Entre os diferentes elementos a elaborar considéranse os seguintes:

- Ilustración/imaxe que se adapte a distintos formatos (paneis expositivos, banner, encabezado de correo) que represente a exposición.
- Cartel e folleto da exposición (empregando a ilustración realizada anteriormente).
- Revisión do logotipo de ProxectoTERRA.
- Paleta de cores e fontes derivadas dos elementos anteriores.

En prol de facilitar a labor que se describe nos presentes termos, detállase a continuación unha serie de traballos gráficos de natureza similar ao que se solicita, elaborados en anos anteriores ao presente para o COAG e Proxecto Terra:

<https://portal.coag.es/axenda/argallar-exposicion-para-xogar-coa-arquitectura/>

<https://portal.coag.es/axenda/seminario-internacional-uniscape-en%E2%80%90route-2/>

<https://portal.coag.es/axenda/encontros-da-i-bienal-ludantia/>

Idioma.

O texto que se inclúa deberá estar en galego. A tal efecto a persoa ou equipo candidato deberá comprometerse con dita realización (ver anexo I) .

Autoría.

Os dereitos autoría, explotación e propiedade de tódos os elementos creados serán cedidos a Proxecto Terra. Proxecto Terra recoñecerá a autoría da persoa ou equipo creador da imaxe nos elementos nos que se utilice.

Formato do documento.

Deberán aportarse os arquivos gráficos orixinais editables, preferiblemente en formato vectorial de edición e/

ou maquetación compatible tipo *Adobe Illustrator* ou equivalentes.

PRAZOS E SEGUIMENTO

Recepción de candidaturas: do 1 ao xullo ao 31 de xullo de 2020.

Resolución da convocatoria por parte do equipo de Proxecto Terra: primeira semana de agosto de 2020.

Desenvolvemento da proposta: do 3 de agosto ao 1 de setembro de 2020.

Reunión de seguimento co equipo de Proxecto Terra: 1 de setembro de 2020.

Entrega final: 14 de setembro.

A presentación da candidatura deberá ir acompañada de alomenos un bosquexo da imaxe que se poderá modificar posteriormente se resulta seleccionada.

VALORACIÓN DA PROPOSTA

O equipo de Proxecto Terra valorará as propostas recibidas en función da súa adecuación ás liñas temáticas descritas no apartado “Características da imaxe gráfica a crear” e seleccionará aquela que mellor reflexe todas ou varias das liñas citadas.

REMUNERACIÓN

O traballo de elaboración desta imaxe gráfica baixo os termos antes descritos será obxecto dunha retribución bruta (IVE e gastos incluídos) de 780,00 euros. O pago realizarase unha vez o traballo estea finalizado e aprobado definitivamente e trala emisión da factura correspondente.

RECEPCIÓN DE CANDIDATURAS

As propostas poderán enviarse dentro do prazo establecido ao enderezo electrónico:

proxectoterra.actividades@coag.es

As dúbidas relacionadas con estes termos de referencia poderán resolverse a través do anterior enderezo electrónico ou no teléfono +34 676 033 121.

ANEXO I

CONVOCATORIA Á QUE SE POSTULA e COMPROMISO DE IDIOMA

Sinale o casilleiro correspondente a convocatoria á que se postula:

Asistencia técnica para a elaboración dunha imaxe gráfica que acompañe á exposición dos 20 anos de Proxecto TERRA.	
--	--

Sinale no casilleiro correspondente o compromiso que adquire en relación ao idioma no que se han de realizar os traballos:

A/s asistencia/s técnica/s arriba sinalada/s realizarase en galego	
--	--

Asinado,
Nome e apelidos da persoa ou equipo